

XXXI REVOLTALLO

★ 20, 21 E 22 DE SETEMBRO 2024 ★

ENTRADA
DE BALDE

NA CARBALLEIRA DO PEDRECAL

VENRES 20



OS VACALOURAS



LAURA TAKA ★ OBRADOIRO DE CANTO

DANI BLANCO ★ POLOS PELOS ESPECTACULO DE CIRCO

LUIS E JOSINHO ★ REQUEIFAS

SABADO 21

AKARAKAN DIOIVO

COBRA SPEL

AQUELARRE CaboDano

ABADA CAPOEIRA ★ OBRADOIRO E EXHIBICION

JESUS RODRIGUEZ GIL ★ MANTEMENTO DE GUITARRA E BAIXO

MACO ZANAS ★ COMO SER MAJO

SILVIA PENIDE E NATALIA NAVAZA ★ DIFERENTES DIFERENZAS

DOMINGO 22

TONY LOMBA

4NOTAS

MANUEL LEIROS ★ PEQUENOS INSTRUMENTOS TRADICIONAIS

SUSO FEIXON ★ A BATERIA NA MUSICA TRADICIONAL

CE/ORQUESTRA E JUDIT SANTOS ★ O DESENCANTAMENTO

Programa de Actividades XXXI Revoltallo de Cultura Emerxente

XXXI REVOLTALLO



VENRES, 20 DE SETEMBRO DE 2024:

- 18:00 – Canto e Rutina Vogal Laura Taka
- 19:00 – Dani Blanco – Polos Pelos, Espectáculo de Circo
- 20:00 – Luis e Josinho – Regueifas
- 21:00 – Pelica de Can
- 22:10 – Blue Merrow
- 23:20 – Sun lou
- 00:40 – Os Vacalouras

VENRES 20
OS VACALOURAS
LAURA TAKA OBRADOIRO DE CANTO
DANI BLANCO POLOS PELOS ESPECTACULO DE CIRCO
LUIS E JOSINHO REGUEIFAS



SÁBADO, 21 DE SETEMBRO DE 2024:

- 12:00 – Obradoiro de Capoeira
- 13:00 – Exhibición de Capoeira
- 16:00 – Obradoiro – Mantemento de Guitarra e Baixo – Jesús Rodríguez Cid
- 17:30 – Mago Zanas – Como ser Majo
- 19:00 – Silvia Penide e Natalia Navaza – Diferentes Diferenzas
- 20:30 – Akarakán
- 21:35 – Dioivo
- 22:40 – Cabodano
- 23:45 – Cobra Spell
- 01:20 – Aquelarre

SABADO 21
ARADA CAPOEIRA OBRADOIRO E EXHIBICION
JESUS RODRIGUEZ CID MANTEMENTO DE GUITARRA E BAIKO
MAGO ZANAS COMO SER MAJO
SILVIA PENIDE E NATALIA NAVAZA DIFERENTES DIFERENZAS
AKARAKAN
DIOIVO
CABODANO
COBRA SPELL
AQUELARRE



DOMINGO, 22 DE SETEMBRO DE 2024:

- 12:00 – Obradoiro de Pequenos Instrumentos Tradicionais.
- 13:00 – 4 Notas
- 17:00 – Obradoiro – A Bateria na Música Tradicional con Suso Feixón
- 18:30 – Actuación – Cé Orquestra e Judit Santos – O Desencantamento
- 22/09 – 20:00 – Tony Lomba

DOMINGO 22
TONY LOMBA
4 NOTAS
A BATERIA NA MUSICA TRADICIONAL CON SUSO FEIXON
O DESENCANTAMENTO



VENRES, 20 DE SETEMBRO DE 2024:



VENRES, 18:00 – CANTO E RUTINA VOGAL LAURA TAKA

Neste Obradoiro de Canto a cargo de Laura Taka, profundizaremos en aspectos tan importantes como os pasos para cantar sen forzar, como coidar a túa voz, respiración, quecementos e outros detalles para poder afinar a túa voz.

VENRES, 19:00 – DANI BLANCO – POLOS PELOS, ESPECTÁCULO DE CIRCO

É o primeiro espectáculo co que Dani Blanco comeza a súa andaina como pallaso, no que perfila a súa personalidade divertida e irreverente que fará as delicias de cativas, cativos e maiores. Creando un universo propio e onde o clown, os malabares e os equilibrios o levarán ó límite.

Todo vai saír polos pelos, pero ó final vai saír adiante.



VENRES, 20:00 – LUIS E JOSINHO – REGUEIFAS

Montarase una batalla verbal onde os contendentes, os regueifeiros Luis e Josinho, tratarán de facer pasar un momento divertido ós presentes, abordando os temas de actualidade que lles veñan á testa, rifando entre eles... ou meténdose con algún dos que por alí pase. Toda esta controversia será improvisada en verso, en cuartetos octosílabos.



VENRES, 21:00 – PELICA DE CAN

O grupo Folk “Pelica de can”, nace en abril do 96 en Vigo, ó principio coma dúo formado por Leni Pérez, intérprete, folclorista e recompiladora (voz e percusións) e Ernesto Campos, mestre de guitarra e análise no conservatorio “Mayeuis” de Vigo (guitarra). En maio do 2012 únese Marcos Campos, mestre de gaita en distintas asociacións da bisbarra e director da banda de gaitas Xarabal de Vigo e Manxadoira de Bueu...(gaita, frutas e acordeón). O seu repertorio está formado por melodías tradicionais ou da raia, arranxadas e armonizadas ó seu xeito.

VENRES, 22:10 – BLUE MERROW

Blue Merrow é un proxecto nado en setembro de 2019 en Pontevedra, concebido co obxectivo de crear e interpretar música baseada na improvisación. Cunhas pautas que chegan aos seus músicos de grupos de finais dos sesenta e principios dos setenta, o resultado é un espazo musical sen outra limitación que a que definen os solistas da banda, órgano e guitarra eléctrica. A base rítmica (baixo, batería, percusión) acompaña ritmos baseados en melodías de blues e acentos clásicos do hard rock que o oínte poderá identificar nos directos. As enigmáticas letras aportan outro elemento a este grupo, que publicou o seu primeiro disco en xaneiro de 2022.



VENRES, 23:20 – SUN IOU

SUN IOU son paixón, autenticidade, perseverancia, sacrificio, rebeldía e orixinalidade. A banda brilla con luz propia e aporta ó panorama musical galego unha mestura de forza e tradición, de compromiso e de frescura sen enlazar. As guitarras eléctricas e os ritmos máis punk conviven co agarimo das súas voces, aportando profundidade nas harmonías e delicadeza nas melodías. Déixate levar a través desta sorprendente viaxe sonora chea de forza e sensibilidade.





VENRES, 00:40 – OS VACALOURAS

Os Vacalouras voltan ó Revoltallo 14 anos despois. Eles son unha banda de Punk Rock Experimental fundada por catro colegas de instituto, que dende os seus comezos en 2007 non abandonaron os escenarios, conseguindo unha traxectoria de gran crecemento. Con fortes influencias do Rock Bravú, e cun marcado estilo propio, caracterizado polas súas cancións pegañentas, letras absurdas e morea de retranca e ironía, farán desta unha actuación irreverente que non deixará indiferente a ninguén.

SÁBADO, 21 DE SETEMBRO DE 2024:

SÁBADO, 12:00 – OBRADOIRO DE CAPOEIRA

SÁBADO, 13:00 – EXHIBICIÓN DE CAPOEIRA

O sábado arrancaremos a mañá con forza, comezando por un obradoiro de iniciación á Capoeira, continuando cunha exhibición das mans da escola Abadá-Capoeira.

A Capoeira é música, poesía, xogo, diversión, loita, acrobacias e unha forma de vida. Esta loita de orixe afrobrasileira, con movementos que combinan a obxectividade con moita precisión no ataque e defensas rápidas, posúe unha linguaxe onde cada xesto significa e representa ideais e emocións.



SÁBADO, 16:00 – OBRADOIRO – MANTEMENTO DE GUITARRA E BAIXO – JESÚS RODRÍGUEZ CID

Trae o teu instrumento para unha posta a punto!

Neste obradoiro a cargo do Luthier Jesús Rodríguez Cid, estudaremos a estrutura básica do instrumento, e poderemos aprender as técnicas apropiadas para a limpeza xeral das súas distintas partes, os acabados vernizados, o seu hardware, a electrónica e a hidratación do diapasón. Tamén profundizaremos no cambio e nos diferentes calibres de cordas, na octavación do instrumento, na tensión da alma e na cejuela e silleta.



SÁBADO, 17:30 – MAGO ZANAS – COMO SER MAJO

Prepárense para unha experiencia máxica coma ningunha outra nesta edición do Revoltallo! Por segunda vez en Valladares, o increíble Mago Zanas estará presente para deslumbrarnos coa súa maxia de cerca e o seu espectáculo de escenario. Cun toque de humor e moreas de trucos sorprendentes, transportaranos a un mundo de ilusión e diversión.

Non o podes perder, vén e déixate enfeitizar polo talento do Mago Zanas!

SÁBADO, 19:00 – SILVIA PENIDE E NATALIA NAVAZA – DIFERENTES DIFERENZAS

Espectáculo musical infantil, onde Silvia Penide xunto a Natalia Navaza loitarán contra o acoso escolar e para a posta en valor da importancia do respecto e valoración do positivo da diversidade. Interpretada por Silvia, e acompañada en lingua de signos por Natalia, xuntas farán deste, un espectáculo accesible para poder gozar das súas risas, aprendizaxes e emocións.

Complementase co libro homónimo que recolle reflexións íntimas de Silvia, historias críticas e reivindicativas aderezadas con optimismo e afán de superación, defendendo a diversidade, en tódolos sentidos da palabra, presente ó longo de todo o espectáculo e do libro, defendendo “A Impotancia do Distinto”.



SÁBADO, 20:30 – AKARAKÁN

Akarakán é unha das bandas da contorna que, despois dun tempo afastados dos escenarios, voltaron ás andainas. Coas súas sonoridades afiadas e agresivas, desta nova tempada veñen para seguir dando toda a forza e enerxía nos seus directos. Encantados de poder contar con eles!



SÁBADO, 21:35 – DIOIVO

Que dicir de Dioivo! O inconfundible dúo vigués de Metal Extremo naceu poñendo música ao poema de Rosalía de Castro "Sempre pola morte esperas", e, a partir de aí, seguiu adiante coa idea de mesturar influencias coma o Black Metal Melódico ou o Thrash, empregando a lingua galega e servíndose unicamente de batería, guitarra e voz. Nestes 8 anos de traxectoria, Dani e Jacobo xa teñen ó seu público gañado, e nesta edición farán parada no Revoltallo para dar unha mostra dos seus últimos traballos.

SÁBADO, 22:40 – CABODANO

Cabodano, é unha banda de metal en galego procedente de Sigüeiro (Oroso), que foi fundada no 2012.

Despois de publicar no 2018 o seu primeiro disco "O Espertar", neste 2024 acaban de publicar o seu segundo disco autoproducido co título "É Mellor Matarse", no cal a banda xunta influencias de diferentes estilos dende o Metalcore, o Thrash Metal ou o Hardcore, tentando crear un son máis persoal.



SÁBADO, 23:45 – COBRA SPELL

COBRA SPELL é o nome da banda Hard'n'Heavy formada nos Países Baixos en 2019, aínda que agora radicada no noso país, por iniciativa de Sonia Anubis (ex-BURNING WITCHES), nominada a mellor guitarrista de Metal nos Premios 2023 da revista holandesa "Gitarist". Ponte en pé... Are you ready to rock?




SÁBADO, 01:20 – AQUELARRE

Un dos grupos Heavy/Power Metal por excelencia de Galicia. Falar de Aquelarre é falar de velocidade, riffs, contundencia, melodías e bo gusto. Os seus dous novos EP "Antares" e "Aldebarán" son o rexurdir da banda para 2024.



DOMINGO, 22 DE SETEMBRO DE 2024:



DOMINGO, 12:00 – OBRADOIRO DE PEQUENOS INSTRUMENTOS TRADICIONAIS.

Manuel Leirós, artesán da zona, traeranos un obradoiro no que poderemos aprender a tocar pequenos instrumentos artesanais da nosa terra. Tamén nos mostrará como é a construción dalgúns instrumentos feitos de cana.

DOMINGO, 13:00 – 4 NOTAS

4 Notas é unha banda galega, formada en Vigo no ano 2013. Con influencias rockeras de grupos coma Leño, Extremoduro, Platero ou Nirvana, o seu repertorio trata principalmente de bares, alcohol e amores. Eles serán os encargados de aderezar a Sesión Vermú do Domingo.





DOMINGO, 17:00 – OBRADOIRO – A BATERÍA NA MÚSICA TRADICIONAL CON SUSO FEIXÓN

Neste obradoiro de batería poderemos gozar da mestura da nosa Música Tradicional coa Batería. Despois de ter grupos de Punk, Ska, Heavy ou Fusión, Suso foi membro de A Roda, Crema de Gaita ou Aram entre outros, proxectos nos que puido compartir as súas raíces folclóricas e acompañar instrumentos da nosa contorna coa batería, fusionando ritmos e danzas da terra.

DOMINGO, 18:30 – ACTUACIÓN – CÉ ORQUESTRA E JUDIT SANTOS – O DESENCANTAMENTO

César Freiría e Judit Santos unen a súa maxia para ofrecer este Conto Sonoro. Narración oral con ambientación sonora que fará as delicias de grandes e pequenas, co (re)descubrimiento dunha historia chea de feitizos, suspense, tesouros e retos da mitoloxía galega.

Este conto vai acompañado dun obradoiro e espazo de xogos tradicionais posterior. Ideal para mergullarnos naqueles tempos dos protagonistas do conto.



DOMINGO, 22/09 – 20:00 – TONY LOMBA

Tony Lomba será o encargado do peche do festival cun espectáculo no auditorio do Centro Cultural de Valladares. Este Showman local, traerá unha actuación onde a improvisación, a falta de pudor e a provocación serán os seus fíos condutores. A tarde noite do domingo asegúrase excéntrica, divertida e irreverente.